



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 31 DE XULLO DE 2014

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)

D^a. M^a TERESA LÓPEZ REGO (PP)

D JOSÉ ÁNGEL PALEO SOTO (PP)

D^a ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PSdeG-PSOE)

D ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PSdeG-PSOE)

D RAMÓN SIXTO LEGASPI (PSdeG-PSOE)

D XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)

D^a ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)

D^a M^a ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)

D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

Non asiste D^a. MERCEDES J. GONZÁLEZ ALONSO (PP)

INTERVENTORA

D^a. M^a GRACIELA RIVEIRO MOREIRA

SECRETARIA

D^a. ANA BARREIRO GÓMEZ

No salón de xuntas do concello de Foz, sendo as vinte e trinta horas do día trinta e un de xullo de dous mil catorce, réunese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o concello pleno, baixo a presidencia do señor alcalde presidente don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Asiste a interventora, habilitada estatal M^a Graciela Riveiro Moreira, e actúa de secretaria a habilitada estatal Ana Barreiro Gómez.-

Antes de iniciar o desenvolvemento da celebración da sesión, o señor Alcalde fai a precisión de que non figura nos asuntos incorporados á orde do día o punto que se levou e ditaminou na Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 24 de xullo de 2014 relativo á fixación dos días festivos locais para o ano 2015, polo que se levará como punto décimo nesta sesión.-

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (once dos trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursados xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 26 DE XUÑO DE 2014.-

Polo señor XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG) reparando o que se reflicte na páxina 15 da acta, fórmulase o pedimento de que poña: *A Monarquía é unha herdanza do sistema franquista... .-*

E na quenda de rogos e preguntas, que se poña: *Que se repoñan os letreiros -*

O señor ALCALDE sométeas a votación.-

Por maioría absoluta dos once señores/as concelleiros/as asistentes acórdase prestar aprobación ao borrador da acta da sesión anterior ordinaria de data 26 de xuño de 2014, en todos os seus extremos e nos seus propios termos, engandido as observacións transcritas anteriormente.-

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, ASÍ COMO DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL, DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Aos efectos previstos no regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao Pleno da corporación das resolucións e decretos da alcaldía, así como das xuntas de goberno local desde o último pleno ordinario, que foron postas/os de manifesto á secretaría, quedando informados do seu contido os once señores/as concelleiros/as asistentes e cuxa relación se transcribe a continuación:

RELACIÓN DECRETOS DESDE O 23 DE XUÑO DE 2014 AO 18 DE XULLO DE 2014

NOME	DATA	RESUMO
DECRET		
O	18/0	
2014-06	7/20	Resolución Alcaldía de 18/07/2014, Exención minusvalía
22	14	José Yáñez Martínez, matrícula M - 8660-WF.
DECRET		
O	18/0	
2014-06	7/20	D140717 LISTADO DE ADMTIDS E EXCLUIDOS PARA CUBRIR
21	14	UNHA VACANTE Á PRAZA DE SOCORRISTA
DECRET		
O	18/0	
2014-06	7/20	D20140717 NOMEAMENTO SOCORRISTA
20	14	
DECRET		
O	18/0	
2014-06	7/20	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PROTECCIÓN CIVIL.
19	14	CONVENIO ANUAL DE VERÁN
DECRET		
O	18/0	
2014-06	7/20	PADRON AUGA, LIXO, SANEAMENTO, 3º BIMESTRE
18	14	
DECRET		
O	18/0	
2014-06	7/20	RESOLUCION ALEGACIONES FINCA MAL ESTDO FOLLAL NOIS
17	14	



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

DECRET
O 18/0
2014-06 7/20
16 14 RESOLUCION ALEGACIONES FINCA AVD CERVANTES 12

DECRET
O 18/0
2014-06 7/20 D20140718 LISTADO APROBACION DEFINITIVA ADMITIDOS
15 14 E EXCLUIDOS PRAZA PEONS MEDIO AMBIETE

DECRET
O 15/0
2014-06 7/20 Aprobación conta xustificativa José Angel Paleo Soto.
14 14 Entroido 2014.

DECRET
O 15/0
2014-06 7/20 Autorización pagamento a xustificar a José Angel Paleo
13 14 Soto para Festas do Carne 2014.

DECRET
O 15/0
2014-06 7/20 DECRETO AUTORIZACION FESTAS DO CARME DE CANGAS
12 14 DE FOZ 2014

DECRET
O 15/0
2014-06 7/20
11 14 DECRETO AUTORIZACION FESTAS DE FAZOURO 2014

DECRET
O 14/0
2014-06 7/20
10 14 novos socorristas

DECRET
O 14/0
2014-06 7/20
09 14 nova lista

DECRET
O 11/0
2014-06 7/20
08 14 nova lista

DECRET
O 11/0
2014-06 7/20
07 14 DECRETO APROBACIÓN DE FACTURAS XANEIRO 2014

DECRET
O 11/0
2014-06 7/20
06 14 CUMPLIMIENTO TRIENIO CANDIDO LESTEGAS ALONSO

DECRET
O 11/0
2014-06 7/20
05 14 Aprobación cargo nº 2/2014. Anuncios a cargo particulares.

DECRET
O 11/0
2014-06 7/20
04 14 D20140711 AUTORIZACION DIVISION LOCAL

DECRET
 O 11/0
 2014-06 7/20
 03 14 FRA. SOLRED XUÑO 2014
 DECRET
 O 11/0
 2014-06 7/20
 02 14 EXAMEN MOTOBOM
 DECRET
 O 11/0
 2014-06 7/20 Resolución Alcaldía de 11/07/2014, Exención minusvalía
 01 14 Gemma Rodríguez Casas, matrícula 1862 BSY.
 DECRET
 O 10/0
 2014-06 7/20
 00 14 CUMPLIMIENTO TRIENIO JOSEFINA DIAZ DIAZ
 DECRET
 O 10/0
 2014-05 7/20
 99 14 CUMPLIENTO 7º BIENIO DE FATIMA FERNANDEZ MIGUEZ
 DECRET
 O 10/0
 2014-05 7/20 CUMPLIENTO DEL 7º TRIENIO DE JOSE LUIS RODRIGUEZ
 98 14 AGUIAR
 DECRET
 O 10/0
 2014-05 7/20 CUMPLIMIENTO DEL 5º BIENIO DE GENEROSO GARCIA
 97 14 GOMEZ
 DECRET
 O 10/0
 2014-05 7/20 CUMPLIMIENTO DEL 5 BIENIO DE JUAN CARLOS RGUEZ.
 96 14 GLEZ.
 DECRET
 O 10/0
 2014-05 7/20
 95 14 CUMPLIMIENTO DEL 7º BIENIO DE DAVID VAL PENA
 DECRET
 O 10/0
 2014-05 7/20 Resolución Alcaldía de 10/07/2014, Devolución IVTM-2014,
 94 14 Emilia López López, matrícula C -0133-BFL.
 DECRET
 O 09/0
 2014-05 7/20
 93 14 conta peons risga
 DECRET
 O 09/0
 2014-05 7/20 RESOLUCION DENEGACION BAIXA TAXA DEPURACION
 92 14 ESTRD VILAMOR FERREIRA 19
 DECRET
 O 09/0
 2014-05 7/20
 91 14 tec de turismo
 DECRET 09/0 RESOLUCION AUTORIZACION FESTAS DO CARME DE FOZ

**CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

O
2014-05 7/20
90 14 2014
DECRET
O 09/0
2014-05 7/20 DECRETO AUTORIZACION FESTAS DO CARME DE SANTA
89 14 CECILIA 2014
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20 RESOLUCION ALCALDIA CAMBIO TAXA LIXO GRUPO1 AO
88 14 GRUPO 9
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20 RESOLUCION TRAMITE ALEGACIONES FINCA A RUA
87 14 VILARONTE
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20 RESOLUCION TRAMITE ALEGACIONES FINCA CABANAS NOIS
86 14 RESOLUCION TRAMITE ALEGACIONES FINCA CABANAS NOIS
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20 RESOLUCION TRAMITE ALEGACIONES FINCA ALVARO
85 14 CUNQUEIRO 42
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20 RESOLUCION TRAMITE ALEGACIONES FINCA ANIDO NOIS
84 14 RESOLUCION TRAMITE ALEGACIONES FINCA ANIDO NOIS
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20 Baixa no Rexistro Municipal de Asociacións da "Asociación
83 14 de Veciños a Granda da Carballeira" de Vilaronte.
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20 EXPDTE. 18/2014 DE TRANSF. DE CDTOS. MESMO AREA DE
82 14 GASTO. REPOSICION ACERAS CALLE CORPORACIONES
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20 RESOLUCION AUTORIZACION FESTAS DO CARME DE SAN
81 14 MARTIÑO 2014
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20
80 14 solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRET
O 08/0
2014-05 7/20 Resolución Alcaldía de 8/07/2014, Devolución IVTM-2014
79 14 Miguel Blanco Álvarez, matrícula 9710 FZJ.
DECRET
O 07/0
2014-05 7/20
78 14 Solicitud Salón de Actos
DECRET 07/0 Resolución Alcaldía de 7/07/2014, Devolución IVTM-2014

O
2014-05 7/20
77 14 María Esperanza Fresneda Fernández, C -2118-BV.
DECRET

O 07/0
2014-05 7/20 RESOLUCION ALCALDIA DEVOLUCION 2º BIMESTRE TAXA
76 14 DEPURACION MAÑENTE 16
DECRET

O 07/0
2014-05 7/20
75 14 socorristas
DECRET

O 07/0
2014-05 7/20
74 14 BAES PEON MEDIO AMBIENTAL
DECRET

O 07/0
2014-05 7/20
73 14 compensacion deudas diputacion provincial de lugo
DECRET

O 04/0
2014-05 7/20
72 14 contrato de revision de facturas
DECRET

O 04/0
2014-05 7/20
71 14 BASES MOTOBOM
DECRET

O 04/0
2014-05 7/20 expdte. 17/2014 de transf. de cdto. distinta área de gasto.
70 14 Contratación de 6 peóns medioambientais
DECRET

O 04/0
2014-05 7/20 XERACION DE CREDITO MOTOBOMBA INCENDIOS
69 14 FORESTAIS
DECRET

O 04/0
2014-05 7/20
68 14 contrat de brigadistas incendios
DECRET

O 04/0
2014-05 7/20
67 14 LISTA DEFINIT E DATA DE VALORACION D
DECRET

O 03/0
2014-05 7/20
66 14 Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRET

O 03/0
2014-05 7/20 Resolución Alcaldía de 3/07/2014, Exención antigüidade
65 14 Ibán García Fernández, matrícula LU-5337- K.
DECRET 03/0 Resolución Alcaldía de 3/07/2014, Devolución IVTM-2014
O 7/20 José Rodríguez Martínez, matrícula BI-9599-CF.

**CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

2014-05
64 14
DECRET
O 02/0
2014-05 7/20
63 14 bases de seleccion
DECRET
O 02/0
2014-05 7/20
62 14 INCIO SELECC PEONS LIMPEZA
DECRET
O 02/0 Resolución Alcaldía de 2/07/2014, Devolución
2014-05 7/20 IVTM-Exercicio 2014 Cándido Candia Moreda, matrícula
61 14 LU-8848- K.
DECRET
O 02/0
2014-05 7/20 Resolución Alcaldía de 2/07/2014, Devolución
60 14 IVTM-Exercicio 2014 Lino González Fernández, LU-3282- S.
DECRET
O 01/0 Devolución aval a Mariña Clima, S.L. polo contrato de
2014-05 7/20 "subministro e instalación da climatización das ofinas e
59 14 despachos do Concello de Foz"
DECRET
O 01/0
2014-05 7/20
58 14 bases motobomba
DECRET
O 01/0
2014-05 7/20
57 14 IINICIO DO EXPE
DECRET
O 01/0
2014-05 7/20
56 14 servizo prioritario
DECRET
O 01/0
2014-05 7/20
55 14 DECLA PRIORITARIO
DECRET
O 01/0
2014-05 7/20
54 14 selecc vacantes soco
DECRET
O 01/0
2014-05 7/20
53 14 selecc soc
DECRET
O 30/0
2014-05 6/20 RESOLUCION ALCALDIA ORDE EXECUCION FINCA LOUSADA
52 14 FAZOURO
DECRET 30/0 RESOLUCION ALCALDIA ORDE EXECUCION FINCA LOUSADA
O 6/20 FAZOURO

2014-05
 51 14
 DECRET
 O 30/0
 2014-05 6/20
 50 14 LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS
 DECRET
 O 27/0
 2014-05 6/20
 49 14 DECRETO DE NÓMINAS
 DECRET
 O 26/0
 2014-05 6/20 Aprobación pago a xustificar concedido a Ramón Rodríguez
 48 14 Paleo para acople desbrozadora a pala torfersa
 DECRET
 O 26/0 Autorización pagamento a xustificar a Ramón Rodríguez
 2014-05 6/20 Paleo para reparación tractor cortacespede. Importe
 47 14 915,21 €.
 DECRET
 O 26/0
 2014-05 6/20
 46 14 instruc e prazo de alegacións
 DECRET
 O 26/0
 2014-05 6/20
 45 14 intruc e alegacions
 DECRET
 O 26/0
 2014-05 6/20
 44 14 intruc e alegacións
 DECRET
 O 26/0
 2014-05 6/20
 43 14 instruc e alegacions
 DECRET
 O 26/0
 2014-05 6/20 Resolución Alcaldía de 26/06/2014, Devolución IVTM 2014
 42 14 Argimiro Vivero González, matrícula LU-9519- L.
 DECRET
 O 26/0
 2014-05 6/20 Resolución Alcaldía de 26/06/2014, Devolución IVTM 2014
 41 14 José Luis Otero Maseda, matrícula LU-9532- O.
 DECRET
 O 25/0
 2014-05 6/20
 40 14 MODIF COMPET XGL
 DECRET
 O 25/0
 2014-05 6/20
 39 14 Ordenación de pago facturas proveedores varios
 DECRET 25/0 RESOLUCION ALCALDIA FOGUEIRAS SAN XOAN SAN PEDRO
 O 6/20 2014
 2014-05 14

**CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

38
DECRET
O 25/0
2014-05 6/20
37 14 Fras. movistar xuño 2014
DECRET
O 25/0
2014-05 6/20
36 14 bases socoristas
DECRET
O 25/0
2014-05 6/20
35 14 ADXUDICA PISTA DEPORT
DECRET
O 25/0
2014-05 6/20
34 14 mellora de camiños
DECRET
O 23/0
2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
33 14 prestación do SAF a D. REMEDIOS VAL PALEO
DECRET
O 23/0
2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
32 14 prestación do SAF a D.GRANADA GARCIA AGUIAR
DECRET
O 23/0
2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
31 14 prestación do SAF a D. ERMITAS INSUA RUBAL
DECRET
O 23/0
2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
30 14 prestación do SAF a D. CONSUELO PARDO CAO
DECRET
O 23/0
2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
29 14 prestación do SAF a D. SOLEDAD GONZALEZ GARCIA
DECRET
O 23/0
2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
28 14 prestación do SAF a D. NIVARDA FRANCO DIAZ
DECRET
O 23/0
2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do día de prestación
27 14 do SAF a D. MARIA OTERO VEGUET
DECRET
O 23/0
2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
26 14 prestación do SAF a D.GRANADA GARCIA AGUIAR
DECRET 23/0 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
O 6/20 prestación do SAF a D. JOSEFA RODRIGUEZ FANEGO
2014-05 14

25

DECRET

O 23/0

2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
24 14 prestación do SAF a D. CONSUELO PARDO CAO

DECRET

O 23/0

2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de
23 14 prestación do SAF a D. ERMITAS INSUA RUBAL

DECRET

O 23/0

2014-05 6/20 DECRETO de Alcaldía de concesion do SAF libre
22 14 concorrencia a D. M^a DOLORES MARTINEZ RAMOS

3.- TOMA DE POSESIÓN DE DON JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO COMO CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.- Considerando que por acordo do Pleno, acadado na súa sesión extraordinaria celebrada en data 26 de xuño de 2014, tomouse coñecemento da renuncia voluntaria de **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE** do posto de concelleira polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, en cumprimento do establecido no artigo 9.4 do Real Decreto 2586/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.-

Considerando que o concello solicitou á Xunta Electoral Central que lle fora remitida a credencial de **JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO**, seguinte na lista das eleccións municipais celebradas en data 22 de maio de 2011.-

Considerando que a credencial foi recibida neste concello segundo rexistro de entrada número 3394 de data 10/07/2014, do que se da conta pola secretaria da devandita credencial, acreditándose polo designado a súa personalidade que foi coñecida por notoriedade e a continuación, compróbase que o representante electo formulou as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos termos recollidos nos modelos aprobados polo Pleno para os efectos.-

ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA

Trala lectura polo señor alcalde-presidente ao disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, referido á toma de pose do designado, procédese a nomear a don **JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO**, para os efectos de prestación do xuramento ou promesa.-

Este realízase utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para toma de pose de cargos ou funcións públicas:

«Xurades (ou prometedes) pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do concello de FOZ con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado ».



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Don JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO promete e, seguidamente, o señor alcalde-presidente outórgalle a posesión do cargo e ocupa o seu escano, sendo doce o número de concelleiros/as asistentes neste intre.-

4.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE NOVO REPRESENTANTE DO CONCELLO ANTE A RENUNCIA DE DON XAIME CANCIO RODRÍGUEZ NA MANCOMUNIDADE DA MARIÑA LUCENSE- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2014, que no seu literal indica:

“ Dáse conta da proposta presentada polo Portavoz do Grupo Municipal UNIFOZ, XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, de data 29 de maio de 2014, cuio teor literal di:

“ PROPOSTA

Que no pleno de organización e reparto de representacións, nomeouse a JAIME CANCIO RODRÍGUEZ, como representante do Concello de Foz na Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa.

Que por motivos persoais e profesionais non me é posible poder asistir a reunións as que son convocado.

Que presenta a RENUNCIA como representante do Concello de Foz na Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa.

Que a persoa proposta por UNIFOZ como representante na Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa é : ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR”.-

O señor ALCALDE manifesta que na sesión posterior a constitución decidiuse que formara parte UNIFOZ da Mancomunidade

Debatido suficientemente, pola presidencia sométese a proposta anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . *Votos a favor: UNIFOZ e MIXTO-BNG*
- . *Votos en contra: Ningún*
- . *Abstencións: PSG-PSOE e PP*

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte DITAME:

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ DE NOMEAMENTO DE NOVO REPRESENTANTE DO CONCELLO ANTE A RENUNCIA DE DON XAIME CANCIO RODRÍGUEZ NA MANCOMUNIDADE DA MARIÑA LUCENSE”.-

O señor ALCALDE da lectura da Proposta de Unifoz.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ da explicación de que se debe a que non pode formar parte por temas persoais, e non como dixo o Alcalde na prensa, e pídelle que deixe esas declaracións e traballe por Foz.-

O señor ALCALDE manifesta que o tempo o dirá si se equivoca e di que se notifique á Mancomunidade e sen den os datos para as notificacións.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, que **é aprobado por unanimidade dos doce membros asistentes, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-**

5.- ACORDOS QUE PROCEDAN NA TRAMITACIÓN DA CESIÓN GRATUÍTA O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCIÓN DUN FOGAR RESIDENCIAL INCLUINDO UN CENTRO DE DÍA, DO BEN CEDIDO POLO PATRONATO DA FUNDACIÓN ASILO DA SANTÍSIMA VIRXEN DO CARME O CONCELLO PARA A CONSTRUCIÓN DUN FOGAR RESIDENCIAL INCLUINDO UN CENTRO DE DÍA POLO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA, SEGUNDO DOCUMENTOS ENVIADOS POLO CITADO CONSORCIO.- Polo señor Alcalde explícase que cumprindo coa legalidade, expúxose o público, non producíndose alegacións e despois de cumprir con todos os trámites previstos tráese a pleno para a súa aprobación de acordo cos datos obrantes no expediente se aprrobe a cesión para poder iniciar as obras.

O portavoz de UNIFOZ pide explicación acerca da Proposta de alcaldía onde pon que se non se cumpre o fin revertera a corporación, si se refire a corporación ou o Concello.

A Secretaria responde que é o que pon o artigo 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais e pódese deducir que se está referindo ao Concello.

“ PROPOSTA ACORDO

PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CESIÓN GRATUÍTA O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCIÓN DUN FOGAR RESIDENCIAL INCLUINDO UN CENTRO DE DÍA, DO BEN CEDIDO POLO PATRONATO DA FUNDACIÓN ASILO DA SANTÍSIMA VIRXEN DO CARME O CONCELLO PARA A CONSTRUCIÓN DUN FOGAR RESIDENCIAL INCLUINDO UN CENTRO DE DÍA POLO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA, SEGUNDO DOCUMENTOS ENVIADOS POLO CITADO CONSORCIO.

Vistos os informes de intervención, secretaría e dos servizos técnicos municipais.

Visto que foi sometido o prazo de información pública.

Visto a documentación obrante no expediente.

Por esta Alcaldía sométese, a debate e aprobación do Concello en Pleno, a aprobación da cesión gratuítta o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia para a Construcción dun Fogar Residencial incluíndo un Centro de Día do ben cedido polo Patronato da Fundación Asilo da Santísima Virxen do Carme o Concello para a Construcción dun Fogar Residencial incluíndo un Centro de Día polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia

Tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- *O apartado segundo do artigo 80 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que establece que os bens patrimoniais ríxense polas súa lexislación específica e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.*



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

- Os artigos 76, 79 e 80 do Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, nos que se regulan os requisitos para a enaxenación, gravamen e permuta dos bens patrimoniais.
- O artigo 47.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que establece a necesidade de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación
- Os artigos 109 e ss do Real Decreto Lexislativo 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais onde se regula o procedemento de cesión gratuíta dos bens patrimoniais.
- Artigos 110 e ss da Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e 125 e ss do Real Decreto Lexislativo 1373/2009 da Lei 33/2003, de 28 de agosto de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Artigo 85 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, que regula o prazo de información ao público.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

PRIMEIRO. - Aprobar a cesión gratuíta o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia para a Construcción dun Fogar Residencial incluíndo un Centro de Día do ben cedido polo Patronato da Fundación Asilo da Santísima Virxen do Carme o Concello para a Construcción dun Fogar Residencial incluíndo un Centro de Día polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, suxeito as seguintes condicións:

Os fin para os cal se outorga deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos.

Se os bens cedidos non foran destinados o uso previsto no acordo de cesión ou deixasen de selo posteriormente considerarase resolta cesión e revertirán aqueles a Corporación, a cal terá dereito a percibir da entidade beneficiaria, previa tasación pericial, o valor dos dirimentos experimentados polos bens cedidos. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.-

SEGUNDO.- Que se notifique o acordo de cesión gratuíta do ben cedido o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia para a Construcción dun Fogar Residencial incluíndo un Centro de Día así como os demais órganos competentes da Comunidade Autónoma o amparo do artigo 109.2º do Real Decreto Lexislativo 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais”.-

Debatido suficientemente, o señor alcalde somete a transcrita Proposta de Acordo a votación ordinaria, que **é aprobada por unanimidade dos doce membros asistentes, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-**

6.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ PARA INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO (MINISTERIO DE FOMENTO) PARA A URGENTE REPARACIÓN DO FIRME DO TRAMO N-642 QUE DA ACCESO AOS CASTROS DE FAZOURO.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2014, que no seu literal indica:

“Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal UNIFOZ, co tenor seguinte:

MOCIÓN

Que na parroquia de Fazouro hai un tramo do antigo trazado da N642 polo que teñen que transitar diariamente veciños do lugar , así mesmo é o único acceso que teñen os turistas para poder visitar un dos puntos de interese turístico do noso pobo como son Os Castros de Fazouro.

Que o mencionado tramo é titularidade do MPOU, así pois tamén a súa conservación.

Que en reiteradas ocasións, se solicitou a cesión e arranxo de este vial, sen conseguir resposta algunha.

Por todo isto Unifoz , presenta ante a Corporación Municipal esta MOCIÓN, coa seguinte proposta de acordo:

Que a Corporación Municipal acorde instar ao Goberno do Estado (Ministerio de Fomento.-servizo de conservación de carreteras do Estado en Galicia de Lugo) para a urxente reparación do firme do tramo mencionado da N642 que da acceso aos Castros de Fazouro”.-

A representante do grupo municipal UNIFOZ pasa a dar lectura da moción e di que o que se quere e que se ceda a carretera ou que se arranxe, e queren que se inste ao Estado.-

O señor ALCALDE manifesta que se pediu a Fomento que fose cedida, e éste respondeu que se cedía porque non teñen cartos para arranxala.-

*Tralo debate, e por unanimidade de sete dos oito concelleiros/as que a compoñen, resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ PARA INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO (Mº FOMENTO) PARA A URXENTE REPARACIÓN DO FIRME DO TRAMO DA N-642 QUE DA ACCESO AOS CASTROS DE FAZOURO”.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ da lectura e explicación da súa Moción.-

O portavoz do grupo municipal PSG-PSOE manifesta que eles están a favor.-

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG denuncia a situación polo seu mal estado.-

O señor ALCALDE di que xa se pediu e iniciáronse as conversas e por nós non hai problema, pero dixeron que non hai partida orzamentaria, polo que de momento non se atende a cesión.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, que é aprobada por unanimidade dos doce membros asistentes, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-

7.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE AMPLIE A PARTIDA PRESUPUESTARIA DA ORDE DE 22 DE MAIO DE 2014, POLA QUE SE REGULAN OS PLANS DE COOPERACIÓN, POR SER UNHA FERRAMENTA BÁSICA NA LOITA CONTRA O DESEMPREGO.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2014, que no seu literal indica:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

“Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal PSG-PSOE, co tenor seguinte:

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ISNTANDO A XUNTA DE GALICIA A QUE
AMPLÍE A PARTIDA PRESUPUESTARIA DA ORDE DE 22 DE MAIO DE 2014 POLA QUE SE
REGULAN OS PLANS DE COOPERACIÓN, POR SER UNHA FERRAMENTA BÁSICA NA
LOITA CONTRA O DESEMPREGO**

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97 .3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base ás seguintes consideracións:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A orde anual da Xunta pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, comunmente coñecidos como plans de cooperación, é dende hai anos unha ferramenta imprescindible para os Concellos, no seu labor de desenvolvemento das súas funcións, e por outro lado, unha das poucas políticas activas de emprego de Feijóo.

Por iso, e ante o contexto de crise económica, que botou a miles de persoas á precariedade laboral, ou á exclusión económica, o Goberno Autonómico da Xunta, a entidade competente para, dun lado, mellorar o perfil do desempregado con accións formativas, debe usar todos os seus recursos para paliar o drama de miles de familias galegas.

Aínda que o Presidente Feijóo se declarou incompetente para resolver o principal problema dos galegos, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Xunta asumiu as funcións transferidas pola administración do Estado relativas á xestión realizada poio Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

A insensibilidade do actual goberno autonómico cos 26.294 desempregados na Provincia de Lugo, volveuse poñer de manifesto coa publicación da Orde do 22 de maio que regula os citados plans de cooperación.

En relación co pasado ano, o Goberno do Partido Popular recortou un 89% a partida do Presuposto destinado ao plan, pasando de ser en 2013 de 8.600.000 euros, a unha partida no presente ano de 1.000.000 euros para toda Galicia.

No plano municipal, os plans de cooperación, servían aos concellos para axudar a desenvolver as súas funcións e competencias na época estival, atendendo traballos imprescindibles e con claro interese comunitario para os veciños. Por primeira vez na Orde publicada pola Consellería de Benestar, non se recollen criterios de repartición da paupérrima contía destinada, favorecendo a arbitrariedade e discriminación da Xunta na outorgación da subvención. Así, na Orde do pasado ano no artigo 2.4 afirmábase que " para garantir unha distribución máis equitativa posible dos recursos entre os distintos concellos [...] establécense uns límites mínimo e máximo no importe total que se pode obter nesta convocatoria por cada un"; asignando contratacións segundo o número de habitantes. Parece claro que a Xunta, ademais de recortar as políticas de emprego ata facelas irrisorias, elimina os criterios para repartir entre os concellos afíns.

Polo exposto, e ante a insensibilidade de Feijóo coa dramática situación que viven os galegos en situación de desemprego e, ante a nula colaboración da administración autonómica cos

concellos, eixe central da descentralización, o grupo Socialista presenta as seguintes propostas:

- **Esixir á Xunta de Galicia que amplíe a partida Orzamentaria 11.03.322A.460.0 CP 2014 00 515, pola que se dota de financiamento a Orde do 22 de maio pola que se establecen ás bases que regulan ás axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, como mínimo, coa mesma dotación orzamentaria do 2013.**
- **Instar á Xunta de Galicia a que estableza, como nos anos anteriores, criterios obxectivos na repartición das axudas”.-**

O portavoz do grupo municipal PSG-PSOE pasa a dar lectura da súa moción e di que son unhas ferramentas para Plans de Emprego, xa que se redeceu a súa partida. E sendo moi importantes queren que se amplíen e se establezan criterios obxectivos.-

Tralo debate, pola presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . Votos a favor: MIXTO-BNG e PSG-PSOE
- . Votos en contra: Ningún
- . Abstencións: PP e UNIFOZ

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE AMPLIE A PARTIDA PRESUPOSTARIA DA ORDE DE 22 DE MAIO DE 2014, POLA QUE SE REGULAN OS PLANS DE COOPERACIÓN, POR SER UNHA FERRAMENTA BÁSICA NA LOITA CONTRA O DESEMPREGO”.-

O portavoz do grupo municipal PSG-PSOE da lectura da súa Moción.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ manifesta que coinciden coa exposición e que no anterior Pleno presentaron unha Moción parecida, xa que están chegando tarde e mal, denunciando a situación, sobre todo nos Concellos costeiros, para poder dotar aos Concellos dos servizos básicos necesarios.-

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG manifesta que está de acordo coa forma e fondo da moción, xa que hai un descenso na inversión en traballo e activar o emprego é positivo, que sexa un emprego estable, e non como é o caso.-

O señor ALCALDE di que os Plans de Cooperación son para a xeración de emprego e non son estacionais. Hai 16 socorristas con 47.000 € do Plan de Cooperación. Sí que hai que adicar máis por parte dos Concellos.

Fai meses veu a Pleno unha Moción do PP para que a Deputación non discriminase a Foz, e todos votaron en contra. O seu Plan de Emprego da Deputación non aporta como en anos anteriores nin un céntimo, igual que nos anos 2011, 2012, 2013 e 2014.-

O portavoz do grupo municipal PSG-PSOE di que a Deputación deu máis ao Concello que vostede lle pediu.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O señor ALCALDE di que busque vostede onde non se solicitou en Foz.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, que **é aprobado por unanimidade dos doce membros asistentes, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-**

8.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE PARA ESIXIR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA QUE INCREMENTE O NÚMERO DE CAMAS OPERATIVAS PARA OS MESES ESTIVAIS.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2014, que no seu literal indica:

“ Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal PSG-PSOE, co tenor seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ESIXIR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA QUE INCREMENTE O NÚMERO DE CAMAS OPERATIVAS PARA OS MESES ESTIVAIS

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de maio, a Consellería de Sanidade dirixida por Orballo Mosquera, presentou como cada ano, a suposta racionalización de camas hospitalarias para a época estival. No devandito texto, argumentábase que o peche de camas hospitalarias se xustifica debido á menor demanda sanitaria por parte dos cidadáns.

Novamente, asistimos a un exercicio de engano por parte da Xunta de Galicia aos cidadáns. De novo, o Partido Popular, encabezado polo Presidente Feijóo, volve menosprezar a intelixencia dos mariñáns afirmando que o peche de camas e quirófanos non supón unha menor calidade asistencial.

Se ben é certo que todos os veráns se fomentou o peche de camas en prol da eficiencia de recursos, a tesoirada da Consellería de Sanidade deste ano pon en claro risco a calidade asistencial dos SERGAS. O peche de camas previsto para o verán deste ano é tristemente histórico. A pesar do paulatino desmantelamento do servizo sanitario producido durante anos, para 2014 estímase que se pecharán o dobre de camas que en 2010, pasando de 588 hai 4 anos a 1.200 camas este ano.

Parece evidente, que a estrutura socio sanitario de Galicia non puido cambiar tanto en catro anos como para dobrar o número de camas pechadas no período estival obtendo o mesmo grao de eficacia.

No caso concreto do Hospital da Costa o número que se considera pechar é de 30 camas, que se suman ás 92 do HULA e as 28 do Hospital Comarcal de Monforte. Resulta sorprendente o

elevado número de peche de camas no Hospital da Costa, toda vez que no verán, moitos dos concellos mariñáns duplican ou mesmo triplican a súa poboación ante a chegada de turistas. Pero ademais, o peche desmesurado de camas esconde, baixo unha decisión aparentemente administrativa, unha volta máis de rosca do Partido Popular cara á desmantelación do noso Hospital Comarcal. Dende que governa o Partido Popular tanto na Xunta de Galicia, coma no Goberno Central, a Mariña só perdeu. Ao copago hospitalario e ao copago farmacéutico, os cidadáns da Mariña Luguesa temos que sumar dende a publicación do decreto 55/2013, polo que regulan as áreas de Xestión Integradas, que o Hospital da Costa camiña cara a ser un mero ambulatorio debido á falta de autonomía.

Resulta evidente, que se non se consegue satisfacer a demanda dos usuarios do SERGAS debido ao desmesurado número de peche de camas, os únicos beneficiados serán as entidades concertadas que verán como incrementan o seu volume de negocio.

Esta perversión, súmase á errática política encuberta levada a cabo dende os gobernos de Mariano Rajoy e de Feijóo, de non contratar persoal para suplir o aumento de permisos vacacionais dos profesionais sanitarios. Así, ademais de infrautilizar un servizo básico para a cidadanía como é o acceso á sanidade, a Xunta renuncia á creación de emprego.

Os mariñáns contemplamos perplexos como a pesar de que as listas de espera están tan disparadas que xa nin se miden nin se publican, o Goberno de Feijóo incrementa un ano máis o peche de camas no verán. Peche de camas que vén a sumarse aos recortes no persoal dos centros de saúde e dos hospitais por mor de baixas que non se cobren.

Por todo isto, e ante o excesivo peche de camas previsto para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, que claramente van a ter un efecto pernicioso tanto para a sanidade como sistema, como para o paciente como usuario, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Foz, somete a pleno, a aprobación dos seguintes acordos:

- *Instar á Consellería de Sanidade a que reavalíe a necesidade de unidades, camas e persoal para o Hospital da Costa, tendo en conta criterios asociados á época estival como aumento da poboación.*
- *Esixir á Consellería de Sanidade que incrementen a contratación de persoal para suplir os profesionais sanitarios na época estival, para garantir unha axeitada asistencia sanitaria”.-*

O portavoz do grupo municipal PSG-PSOE pasa a dar lectura da súa moción.-

Tralo debate, no que non se producen intervencións, agás os do sentido de voto, pola presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . *Votos a favor: MIXTO-BNG e PSG-PSOE*
- . *Votos en contra: Ningún*
- . *Abstencións: PP e UNIFOZ*

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE PARA ESIXIR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA QUE INCREMENTE O NÚMERO DE CAMAS OPERATIVAS PARA OS MESES ESTIVAIS”.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O portavoz do grupo municipal PSG-PSOE da lectura da súa Moción.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ manifesta que están de acordo coa Moción, e di que igual que pasa en Centros Comerciais que aumentan os empregados, o mesmo pasa na Mariña que aumenta a poboación, polo que debería de aumentar o persoal. Pasa a ler unha nota de prensa dos empregados do Hospital da Costa e queren que todos traballen neste sentido.-

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG di que está de acordo, pero que non está de acordo con este tipo de medidas de recortes e privatización en moitos servizos públicos como sanidade, educación, servizos sociais, etc. . Somos a terceira Comunidade Autónoma que menos invirte en Sanidade.-

O señor ALCALDE di que os galegos dos nosos impostos, 1 de cada 2 euros que recaudan van para a sanidade pública. Di que esta moción xa veu antes e non entende porque veu outra vez, eran os mesmos....que deu a Conselleira no ano 2007. Acabase de estrear a sala de endoscopias, o Plan Director está proposto para licitar e fixéronse varios arranxos en distintas salas. Estase a facer inversión tendo en conta a situación económica de Galicia. Hai facultativos que teñen as súas vacacións en verán e non se queren ter camas vacías.-

O portavoz do grupo municipal PSG-PSOE manifesta que vostede di que sempre se pecharon, pero desde o ano 2010 son o dobre as que se pecharon, e nos quirófanos estáanse a invertir 30.000 euros que non son suficientes, serán para pintura. O Plan Director leva un ano para a licitación, polo que nós non queremos este tipo de sanidade.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ di que se hai máis veciños queren que se reforcen os servizos, que haxa salas é positivo pero fai falla máis servizos.-

O señor ALCALDE di que sí faltan servizos, pero que todos os Alcaldes da Mariña están traballando para que se saque o Plan Director, e tamén a Xunta de Galicia, estase a traballar en toda Galicia na mellora.-

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG di que Andalucía e Baleares xunto con Galicia son as Comunidades que menos invirten. Esta inversión xa decau na anterior lexislatura, así as Fundacións que se crearon cando o señor Feijoo era segundo de Romai Becaria eran todas ilegais, así o di o Tribunal de Contas.-

O señor ALCALDE pasa a ler datos da Consellería e di que si se manexan menos cartos entón é normal que se baixen, o 50% dos recursos galegos van para Sanidade.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: UNIFOZ, PSG-PSOE e MIXTO-BNG
- Votos en contra: PP

- Abstencións: Ningunha

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 24/07/2014 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-

9.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ ACOMETER CONTRA PALESTINA.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2014, que no seu literal indica:

“ *Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, co tenor seguinte:*

MOCIÓN SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita a masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse como un crime de lesa humanidade.

Centos e centos de cidadáns e cidadás galegos/as e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa carraxe e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un Estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra.

Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e esixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU que este país incumpre impunemente. Como galegas e galegos non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice que consinte esta agresión militar contra o pobo de Palestina do Goberno español e da UE porque esta é a hora de expresar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

- a) *O Concello de Foz condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.*
- b) *O Concello de Foz solicita a finalización do bloqueo contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.*
- c) *O Concello de Foz apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respecte os dereitos do pobo palestino.*
- d) *O Concello de Foz solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e esixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.*
- e) *O Concello de Foz apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.*
- f) *Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia”.-*

O señor ALCALDE di que hai unha desproporcionalidade entre os mortos e os militares, hai un grupo terrorista que realiza accións, pero é desproporcionado e desde a Unión Europea estanse a tomar decisións, uníndose á condena absoluta.-

Tralo debate, pola presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

Votos a favor: PSG-PSOE e MIXTO-BNG

Votos en contra: Ningún

Abstencións: PP e UNIFOZ

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA”.-

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG da lectura da súa Moción e manifesta que estase a ver todos os días na prensa, ata se lle pediu que se marchara, é un Estado que está en tódolos organismos internacionais fronte a outros Estados.-

Os portavoces dos grupos municipais PSG-PSOE e UNIFOZ manifestan que eles están a favor desta moción.-

O señor ALCALDE di que hai moitos mortos do bando de Palestina. É un acto desproporcionado por parte de Israel, por iso piden a repulsa desde esta humilde Corporación. Entendo que desde a Unión Europea son os Diplomáticos os que deben de traballar.

Condenan tamén aos grupos terroristas dos grupos islámicos que o BNG nunca condena. O Partido Popular está a favor en parte, polo que se absteñen, xa que entenden que non hai inmovilismo por parte do Goberno Español.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: UNIFOZ, PSG-PSOE e MIXTO-BNG
- Votos en contra: Ningún
- Abstencións: PP

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 24/07/2014 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-

10.- FIXACIÓN DOS DIAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2015.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2014, que no seu literal indica:

“ Dáse conta da proposta de Alcaldía de data 21 de xullo de 2014, cuio teor literal di:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Por esta Alcaldía sometese a estudio da Comisión informativa municipal de asuntos para o Pleno para establecer dous días festivos que lle corresponden o Concello dentro do calendario laboral 2015. Marcando as pautas oportunas para que sexa dito órgano colegiado quen adopte unha proposta concreta que se levará a debate e resolución do Concello en Pleno.

Visto a solicitude recibida da Xunta de Galicia.

Considerando a seguinte normativa aplicable o caso:

- ***Intruccións da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social-Xefatura Territorial de Lugo.***

PROPOÑO

PRIMEIRO.-Aprobar os días festivos no Concello de Foz:

- 16 de xullo do ano 2015.Festividade do Carme
- 10 de agosto do ano 2015. San Lourenzo

SEGUNDO.-Comunicar á Xunta de Galicia as festividades locais aprobadas.-

Tralo debate, no que non se producen intervencións, agás as de pronunciamento do sentido do voto, pola presidencia sométese a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . Votos a favor: PP, PSG-PSOE e MIXTO-BNG
- . Votos en contra: Ningún
- . Abstencións: UNIFOZ



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA DA FIXACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2015”.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, que é **aprobado por unanimidade dos doce membros asistentes, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-**

11.- ASUNTOS QUE POIDAN SER DECLARADOS DE URXENCIA.- Non houbo.-

12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Na quenda de **ROGOS**, formúlanse os seguintes:

GRUPO MUNICIPAL PS de G-PSOE

Don RAMÓN SIXTO LEGASPI

-Que se adecente o trozo de xardín que hai en Vilaxoane, na carretera da Deputación que vai para San Martiño.-

-Que se acondicione o paseo de Llás.-

-Que se repare unha tapa do alcantarillado en Nois.-

GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ

Don XAIME CANCIO RODRÍGUEZ:

-Que se poñan as pilas e cuiden o pobo: limpeza, vaciado de papeleiras, podar árbores que están sen podar, regar os xardíns municipais, etc. En definitiva que se cuide o pobo.-

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG

Don XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA:

-Reparación e limpeza na praia de Nois.-

-Limpeza de pistas en Vilaronte.-

-Reparar luz en Rúa Paco Maañón, onde o Colexio Martínez Otero.-

Na quenda de **PREGUNTAS**, formúlanse as seguintes:

Dona RAMÓN SIXTO LEGASPI (GRUPO MUNICIPAL PS de G-PSOE)

-Na praia de A Pampillosa, ¿hai socorristas todos os días?

O señor Alcalde responde que sí que hai todos os días socorrista, cando non hai socorrista sinalizase, como pasou un día que estivo enfermo.-

-¿Vanse limpar nas parroquias os contenedores de lixo?

O señor Alcalde responde que sí se limparán.-

-Onde a Casa da Cultura pintouse línea continúa, entón ¿non se pode aparcar?

O señor Alcalde responde que se pintou igual que estaba.-

Don XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ)

-A Comisión da piscina ¿vaise convocar?

O señor Alcalde responde que sí que é certo que se quedou en convocala pero non houbo tempo.-

-¿Vaise contestar a un veciño se ten licenza unha obra de Nois?

O señor Alcalde responde que cree que se contestou.-

-¿Por qué non se convoca a Comisión de Suxerencias e Reclamacións?

O señor Alcalde responde que só era para os Concellos de máis de 20.000 habitantes, pero estanse a resolver todas as dúbidas.-

Don XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG)

-¿Avanzouse algo no cobro do imposto do IBI á Igrexa?

O señor Alcalde responde que iso depende da oficina de Recaudación.-

Concluído o anterior, ás vinte e unha horas e trinta minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, certifico.-

A secretaria,

ANA BARREIRO GÓMEZ

O alcalde,

JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)